

Comunicado nº 049/19  
29 de Marzo de 2019

**1ª COPA SLALOM NOROESTE 2019:**

Escudería A. Ferrol, Escudería Moeche, Escudería ACAP, e Escudería Scratch Fene, organizan a 1ª COPA SLALOM NOROESTE 2019. Esta copa xorde co fin de promover o deporte de base, e a aqueles equipos modestos que queren empezar a competir no automobilismo dentro do Campionato de Galicia de Slalom 2019.

Bases:

- Levarase a cabo durante a tempada 2019, sendo puntuables os slalom de Ferrol, Moeche, As Pontes e Fene.
- Participantes admitidos: Aberto a tódolos pilotos participantes no Campionato de Galicia de Slalom 2019 excepto aqueles que as últimas 5 tempadas, quedaran clasificados na xeral do Campionato de Galicia de Slalom nos 5 primeiros postos.
- Vehículos admitidos: Admitiranse tódolos vehículos permitidos no regulamento do Campionato Galego de Slalom según figura no Anuario 20198.
- Estará prohibido o uso de rodas de competición só se poden usar rodas de calle, e están prohibidas as rodas de tacos ou MS, ou de neve.

Premios:

- En cada proba haberá trofeo para os 3 primeiros da Promoción que serán entregándose abonados pola organización de cada proba.
- Haberá un único premio final que constará na inscrición gratuita para a tempada 2020 nos slaloms de Ferrol, Moeche, As Pontes e Fene, da licenza de piloto para a tempada 2020 e trofeo como vencedor da 1ª Copa Slalom Noroeste 2019.
- Para optar ó premio final haberá que figurar na lista de autorizados de un mínimo de 3 probas, sendo gañador o participante que acade maior puntuación.

**Sistema de Puntuación:**

Xeral		Clase – de 5 coches por clase	
1º	12	1º	3
2º	10	2º	2
3º	8	3º	1
4º	7		
5º	6	Clase + de 5 coches por clase	
6º	5	1º	5
7º	4	2º	4
8º	3	3º	3
9º	2	4º	2
10º	1	5º	1

- No caso de exclusión dunha proba, non se poderá descontar ese resultado e así contará como un cero.
- Establecerase 2 persoas responsables da Copa, as cales poden informar do criterio a seguir da interpretación do regulamento da 1ª Copa Slalom Noroeste 2019, e de persistir a dúbida terase que trasladar á Asesoría Xurídica da F.G. de A. ou reclamar ou apelar ó T.G.A. da F.G. de A.